


XOCAS E CELANOVA

Antonio Piñeiro

Agora que a figura de Xaquín Lorenzo “Xocas” está a ser analizada por activa e por pasiva, dende Facós á vella Auria pasando polo santuario da Nosa Señora do Viso, ó abeiro da celebración do Día das Letras Galegas e da adicación do ano por parte da Xunta de Galicia á súa figura, consciente de que outros serán os encargados de afondar na visión do Académico e na do Arqueólogo, dentro das múltiples olladas que se lle poden e que se lle han dar nestes meses o vello “bimbio” de Lobeira, a miña pretensión non é máis cá de aportar aquí senllos episodios vitais que axudaron a ligar con profundidade a Lorenzo Fernández con Celanova. Estes, por orde cronolóxica, son os correspondentes á súa entrada na Real Academia Galega, que tivo lugar no transcurso dun acto celebrado nesta vía no marco dos actos do

centenario do nacemento de Manuel Curros Enríquez, en setembro de 1951; así como a súa relación con Castromao, onde, entre outros importantes vestixios, el foi testemuña da aparición da Tessera Hospitalis -agora, tras novos estudos, redenominada Tábula de Castromao- que deu a coñecer o nome da tribo á que pertencemos os celanovenses e axudou a demostrar que na última etapa da romanización os acordos de convivencia escribíansi sobre bronce, con letras indelebles, para que quedara constancia para o futuro de que estes eran tomados para que foran respectados polos seus “fillos e descendentes”.

Velaí, pois, os pormenores destes douce episodios que ligaron para sempre a Xocas coa vila de Curros e dos Coelernos.



O primeiro acto que tivo lugar en Celanova o día 16 de setembro, antes do ingreso de Xocas na Real Academia, celebrouse no Claustro do Pórtico. Na imaxe, o alcalde Manuel Rodríguez fai uso da palabra ante a presencia das autoridades políticas e militares asistentes. Posteriormente sería Ramón Otero Pedrayo -primeiro pola esquerda- o mantedor do mesmo.

A relación vital que Xocas tivo con Celanova podemos concluir que foi, pois, máis alá do efecto solaz de mera “parada e fonda” para o que lle debía servir a vila monacal cando lle tocaba viaxar dende a capital ourensá cara o seu Facós patriarcal ou viceversa, pois, ademais de ser Castromao un dos seus puntos de referencia preferidos no estudio da arqueoloxía castrexa, é posible que un dos días que quedaron marcados con letras de ouro na súa axenda persoal tivera por esceario o vello mosteiro benedictino.

Este día foi o 16 de setembro de 1951, cando, na compañía do seu íntimo amigo Xesús Ferro Couselo, ingresou na Real Academia Galega, coincidindo cunha sesión solemne celebrada por esta Institución no transcurso desa xornada organizada en Celanova para conmemorar o centenario dun dos seus mentores, o poeta celanovés Manuel Curros Enríquez.

O ingreso de Lorenzo Fernández na Real Academia tivo lugar, segundo se recolle no libro de actas da propia Real Academia, “en el salón del antiguo refectorio del Monasterio de San Rosendo de la villa de Celanova (Orense), debidamente acondicionado”, nunha sesión que deu comezo “a la una de la tarde del día de la fecha (dieciséis de septiembre de mil novecientos cincuenta y uno)”.

Aínda que a prensa da época recolleu de forma exhaustiva os actos (o xornal La Región do martes 18 é un bo exemplo), non só dos pormenores do ingreso de Xaquín Lorenzo na Real Academia, senón tamén os de Ferro Couselo noutra sesión que tería lugar ás cinco da tarde dese mesmo día, ademais dos outros actos enmarcados no conxunto da celebración do centenario do poeta celanovés, polo seu contido paga a pena transcribir aquí



Logo do ingreso de Xaquín Lorenzo na Real Academia Galega celebrouse un xantar no Claustro Barroco. Entre os asistentes, no centro, con bigote, o neto de Curros, Adelardo.

a acta da Xunta Extraordinaria que quedou reflectida no Libro de Actas da Real Academia “para recibir como académico de número a don Joaquín Lorenzo Fernández, brillante escritor y destacado arqueólogo”.


O ACTO

“El acto fue presidido por don Manuel Casás Fernández, secretario don Francisco Vales Villamaría, tesorero don Leandro Carré Alvarellos. En el estrado figuraban también los académicos de número don Florentino L. Cuevillas, don Ramón Otero Pedrayo, don Vicente Risco y don Luis Iglesias Iglesias. En otros lugares estaban otros académicos numerarios y correspondientes, algunos de ellos desplazados de las ciudades donde habitualmente residen.

Declarada abierta la sesión por el señor presidente, leyó el secretario el acta de la elección de don Joaquín Lorenzo Fernández y la convocatoria reglamentarias, inmediatamente de la cual los numerarios don Luis Iglesias y don Vicente Risco acompañaron al salón al recipiendario, que ocupó un sitial dispuesto al efecto. Ya en el estrado, el señor Lorenzo Fernández dio lectura a su discurso de ingreso, sobre el tema “La casa gallega”.

Comenzó dedicando un saludo a la Academia y recordando la figura venerable de Murguía, y agradeciendo la distinción de que era objeto al ser recibido en el seno de la Corporación. Resaltó el nombre del ilustre poeta Noriega Varela, que ocupaba el sillón académico en el que el disertante le sucede.

Entró a continuación en el tema de su discurso. Describió algunos tipos de viviendas que se



Nun momento de descanso entre tódolos actos do día fotografiáronse cunha pintura do avó os tres netos asistentes, Angelita, Manolita e Adelardo. O cadro atópase boxe, xunto cos de outros persoiros de Celanova, na Casa dos Poetas.

encuentran en los castros, resaltando sus características principales como precedentes de la casa actual. Siguió en su magnífica disertación analizando el tipo de vivienda (...) llegando a la conclusión de que ésta es una derivación de la villa romana.

También el señor Lorenzo Fernández estudió los elementos populares que presentan los pazos gallegos, así como haciendo resaltar el origen administrativo y no económico.

El magnífico estudio del recipiendario fue seguido con verdadera atención por el selecto y numeroso auditorio, tributándosele, al término, una gran ovación que duró largo rato.

OTERO PEDRAYO

Seguidamente, don Ramón Otero Pedrayo da lectura a su discurso de contestación. Se refirió a la circunstancia de que el nuevo académico y él nacieron y vivieron siempre en la vieja y señera calle de la Paz, de la que hizo una preciosa evocación; de que el señor Lorenzo Fernández fue alumno suyo, y de que merced a su talento y entusiasmo logró alcanzar en plena juventud un lugar destacado en el campo de la arqueología moderna. Asocia, en un emotivo recuerdo, a este triunfo del joven arqueólogo orensano, el nombre de su hermano Jorge, muerto hace años, cuando los dos, en plena vida universitaria, se habían lanzado por el camino que conduce a la investigación con bríos juveniles y aciertos de elegidos.



Acto de inauguración do monumento realizado por Asorey. Tivo lugar pola tarde. Nesta imaxe está intervindo o presidente da Real Academia, don Manuel Casás. Detrás de el, as netas de Curros, e ó seu carón o alcalde de Celanova.

El discurso de don Ramón Otero Pedrayo fue subrayado con estruendosos aplausos.

Seguidamente, el Presidente de la Academia, don Manuel Casás, en medio de una ovación, impuso al señor Lorenzo Fernández la medalla de la Corporación, dándole el abrazo tradicional.

Se da por terminada la sesión a las dos y media de la tarde del expresado día dieciséis de septiembre de mil novecientos cincuenta y uno ...”

OUTROS ACTOS

Logo do acto académico, no mesmo claustro que dá acceso ó antiguo refectorio monacal, hoxe transformado en salón de actos municipal, tivo lugar un xantar no que participaron académicos, autoridades políticas e militares e algúns familiares de Curros que se desprazaron dende Madrid para a ocasión, como as súas netas Angelita e Manolita Curros, así como o seu curmán, tamén neto do poeta, Adelardo.

Antes da celebración do acto académico o Claustro do Poleiro acollería un acto literario do que foi mandador Ramón Otero Pedrayo, e xa pola tarde, despois do acto que lle daría ingreso a Xesús Ferro Couselo tamén na Real Academia, celebraríase un multitudinario acto popular de inauguración do monumento de Asorey, así como o descubrimento dunha placa na fachada da casa familiar do poeta e unha recepción da comitiva no Casino. Pero isto todo xa ten moito menos que ver con Xocas.



Outro momento do acto inaugural do monumento coa intervención dun compoñente dun dos coros que participaron no centenario, interpretando un dos poemas musicados de Curros Enríquez.

A TESSERA

Fora por esta circunstancia ou polo influxo que Castromao exerceu sobre a súa alma de arqueólogo, algo por el referido no seu discurso de ingreso na Real Academia, onde analizou con profundidade a relación existente entre as casas castrexas e a casa tradicional galega; a realidade é que Xaquín Lorenzo, acompañado sempre polo seu amigo Ferro Couselo, seguiu afondando no estudio deste xacemento, obtendo como principal resultado a aparición no ano 1970, da coñecida naquel momento como “Tessera Hospitalis”, hoxe calificada pola nova arqueoloxía como “Tábula de Castromao”.

A raíz da aparición desta peza, Lorenzo Fernández sempre insistiu na necesidade de divulgar este documento, datado por el mesmo no ano 132 d.C., e na oportunidade que tiña o pobo de Celanova de enorgullecerse de ser depositario

dun documento tan importante para coñecer as súas orixes como pobo.

E tan foi así que, despois de ser convidado a ofrecer o pregón das festas do San Roque do ano 1986, o polígrafo de Facós publicou un pequeno artigo no número 1 da revista “Onde o mundo se chama Celanova” no que se facía eco, precisamente, desa circunstancia, sinalando a necesidade de que unha reproducción dessa placa tan senlleira fose colocada en forma de monumento nalgún lugar da vila de San Rosendo.

Dada a difusión local da revista, coido que tamén resulta oportuno rescatar daquelas páxinas o artigo de Xaquín Lorenzo, titulado “Aberta a tódolos aires”, para completar estes dous lazos de unión que xunguiaron para sempre ó polígrafo de Facós con Celanova.



*A placa inferior
foi colocada
o día do Centenario
na fachada
da casa familiar
de Curros Enríquez.*



ABERTA A TODOLOS AIRES

"Un fito sobranceiro sinala o centro do val no que boxe se asenta Celanova: O Castromao.

Dalí saíron os devanceiros dos celanovenses de boxe, de alí saíu o seu xeito de ser, alí tivo o seu nadal a ialma de aquelas fermosas terras que rega o río Arnoia.

E de alí xurdiiu unha das suas meirandes características, a súa apertura pra todo o que lle ven de fóra, dando a benvida a todo e a todos.


Nas escavacións que durante algúns anos figuemos Ferro Counelo e máis eu, tivemos ocasión de pór ó descoberto intresantes restos arqueolóxicos e comprobar a eisistencia de outros moitos soterrados que somentes agardan seren pos-

tos ó descoberto e que boxe están totalmente abandoados non sei por quén, nin por qué.

Mais non se trata agora de eso. De outra cousa quero faguer eiquí mención.

No ano 1970, cando traballabamos en determinado seitor do castro, apareceuunha "tesera" de bronce de un grande interés.

Trátase de unha lamia de bronce na que se fai constar unha alianza de amistade dos vellos habitantes do castro, "Caeliobriga", cun pobo que, por ruin sorte, está sen ser identificado, o dos "novagustanos", poboadores da cidade de Novagusta, entidade que por disgracia está sen ser de emplazamento coñecido, suponéndose somentes que debía de se atopar na comarca do outo río Douro.



Detalle da portada do xornal La Región de día 18 de setembro de 1951, onde se recolle unha ampla información sobre o desenvolvemento dos actos do centenario.


A información tería continuidade en páxinas interiores.

Ben estaría boxe poder de novo faguer unha alianza de irmandade coaquiles homes descendentes dos que polos seculos I e II trataban ós celanovaenses coma irmáns.

E xa que esto non poida ser, non estaría de máis que Celanova, en lembranza de aquil xesto de irmandade coas xentes de fora, conservasen a testemuña da súa hospitalidade faguendo un moimento sinxelo no que figurase unha reproducción da devandita “tessera”, boxe no Museo Arqueoloxico de Ourense, pra satisfacción dos celanovaenses de boxe e prós que no noso tempo visitan a fermosa vila de San Rosendo e atopan nas suas xentes a mesma cordialidade que nouros tempos atoparon os “novagustanos”, amos-

trando esí o seu espírito da vila “aberta a todos os aires”.

Logo desta recomendación tan fundada, a reproducción da placa sería realizada pouco tempo depois, sendo alcalde de Celanova Manuel Gómez Rojo, e a súa instalación nun monumento, executada con Antonio Mourinho Villar xa na alcaldía, no centro da Praza das Pitas, onde hoxe pode ser contemplada por calquera que se achegue á esa vila que segue á procura do seus irmáns doutrora.



bandera y banda de música. L. J. C. R.

1968.

Los actos conmemorativos del primer centenario del nacimiento de Curros Enríquez en Celanova

Se celebraron el domingo con gran solemnidad

Asistieron las autoridades y numerosas representaciones y personalidades

El domingo se celebraron en Celanova los actos conmemorativos del primer Centenario del poeta Curros Enríquez. Tuvieron la solemnidad requerida por la importancia de la clemencia y a ellos se asociaron personalidades y entidades de toda Galicia y de América.

Por la mañana, a primera hora, comenzaron a llegar las autoridades y personalidades de la capital de la provincia y de otros pueblos de Galicia. En los actos principales celebrados tuvieron el Presidente de la Diputación, Sr. Pérez Serratos, que estrenaba la representación del Gobernador civil; el coronel don Miguel Oñate Aros a, la representación del Gobernador militar; el alcalde de Ourense, don Eduardo Valenzuela; el Fiscal de Taxis, Sr. Díaz de Gárate; el Delegado de Aduanas, Conde Fernández; el Fiscal de la Audiencia provincial, don Ángel Alonso; el Delegado del Trabajo, don Modesto P. Piñeiro.

De La Coruña llegaron a Celanova el Presidente de la Real Academia Gallega, don Manuel Casás, y los académicos señores Vales Villamarín, Carre Alarcos, Juan Naya, don Arcel del Castillo, así como don Vicente Risco, don Ramón Otero Pedrayo y don Florentino Cuervillas, que llegaron de Oviedo. También estaban el Sr. Del Río, en representación del Ayuntamiento de La Coruña, y don Feliciano Crespo Vello por la Diputación provincial.

De los familiares de Curros Enríquez vinieron a sus nietos, doña Angelita y doña Manolita Curros y don Alvaro Curros, y sus primos don Alfonso Corrao y don Ramón Curros.

EL CERTAMEN LITERARIO

Se abrió la jornada con la celebración del certamen literario, durante el cual se díó a conocer el fallo del jurado y se procedió a la entrega de los premios otorgados.

En la presidencia se encontraban las autoridades y los académicos. Allí el cargo el alcalde de Celanova y presidente de la Comisión organizadora, don Manuel Rodríguez Alonso, que dio la bienvenida a todos los asistentes a ese acto y cedió la palabra al Secretario de la Comisión, don Alfonso Vázquez, quien dio lectura a la memoria en que

se contenían los trabajos de la Comisión, y el fallo del jurado calificado de los presentados al certamen, que ha sido el siguiente:

Primer premio, de 5.000 pesetas, al trabajo bibliobiográfico sobre el poeta Curros Enríquez, al presentado por don Alberto Vilanova Rodríguez, de fiere.

Segundo premio, de 2.000 pesetas, al trabajo estudiando la leyenda "A Virxe o Cristal", a don Celso Collazo, domiciliado en Santiago de Compostela.

Tercer y cuarto premios fueron declarados desierto, por no haberse presentado ninguno al tercero y por no reunir suficiente valor el único original presentado del cuarto.

Quinto y sexto premios, de 500 pesetas cada uno a los dos mejores artículos, fueron premiados los de don Celso Collazo y de don José Luis López Cid.

El jurado acordó, además, conceder un accésit al primer premio, al trabajo presentado por don Celso Emilio Ferreiro, residente en Vigo. Este y el se-

ñor Vilanova, que se hallaban presentes, subieron al estrado a recoger los premios de manos de las autoridades, en medio de grandes aplausos.

Después, y en medio de un impresionante silencio, hizo uso de la palabra el catódratico de la Universidad de Santiago, don Ramón Otero Pedrayo.

Su discurso ha sido una bellísima pieza oratoria, haciendo un estudio de la figura de Curros, centrada en las sugerencias de dos de sus más bellos poemas: "Ben Chegado" y "Na morte da miña naia", en los que se encuentran bastante claras las características del alma atormentada del poeta. Desenvolvió el estudio en la leyenda "A Virxe o Cristal", a muchas de cuyas partes aludió el Sr. Otero Pedrayo con maestría y acierto, mereciendo una clamorosa ovación al terminar su magnífica pieza oratoria.

Inmediatamente después se leyeron las adhesiones llegadas y el coro "De Reus" interpretó varias canciones que fueron muy aplaudidas. Este acto se celebró en uno de los patios del monasterio de San Rosendo, que se hallaba engalanado, presentando un magnífico aspecto.

PRIMER ACTO ACADÉMICO

Terminado el Certamen Literario tuvo lugar, en el salón del antiguo refectorio del monasterio, debidamente acondicionado, la reunión de la Real Academia Gallega, para recibir en su seno al nuevo académico de número don Joaquín Lorenzo Fernández.

Presidió don Manuel Casás, con los académicos Sres. Carre Alarcos, Cubillas, Vales Villamarín, Otero Pedrayo, don Vicente Risco y don Luis Iglesias. En lugares destacados se hallaban autoridades, representaciones e invitados.

Abierta la sesión, el Sr. Casás dio cuenta de la finalidad de la misma, dándose lectura por el Secretario al acta, en que se tomó el acuerdo de nombrar académico de número a don Joaquín Lorenzo. Seguidamente el Sr. Casás ruego a los académicos don Luis Iglesias y don Vicente Risco que introduzcan al nuevo miembro de la docencia corporación. Así se hace, entrando don Joaquín Lorenzo entre los dos académicos, en medio de una gran ovación.

(Concluye en 4.3 páginas)

Tribunal de Oposiciones en el Magisterio Nacional


— 8 —

CONVOCATORIA

Los ejercicios darán comienzo el día 29 del corriente mes, a las nueve de la mañana, en el Instituto Nacional de Enseñanza Media. Las opositoras irán provistas de pluma y tinta.

NOTA. — Las opositoras que a continuación se mencionan deberán completar la documentación antes de dar comienzo los ejercicios:

Alvarez Suárez Amella, Caamaño García María, Canal Soler Margarita, Fábrega Consigal Carolina, Falardo Silva María Encarnación, Santos Pereira Remedios, Yáñez García Fidelina. — El Presidente, Jaime Pérez Colmán. — La Secretaria, Purificación Gómez.



DELFIN CASEIRO NOGUEIRAS

1954, Rairiz da Veiga - Ourense

Licenciado en Filoloxía Románica e Galego-Portuguesa. Catedrático de Língua e Literatura no Instituto Blanco Amor de Ourense. Colaborador en libros de texto e revistas especializadas. Membro da Mesa pola Normalización Lingüística. Responsábel do Servizo de Normalización Lingüística de Vilar de Santos.